

NORMATIVA I TORNEO PADEL A BAÑA

I.- Ámbito. O I TORNEO PADEL A BAÑA é un torneo de pádel dirixido principalmente a xogadores amateur de padel, e suxeito as normas básicas seguintes e, supletoriamente, as regras de cada torneo local ou da F.E.P.

A inscrición a este torneo supón a aceptación deste regulamento, das decisións que adopte o Comité de Organizador do torneo, e a renuncia a toda reclamación polos danos que puidesen padecer os xogadores con motivo da súa participación.

II.- Desenvolvemento. O I TORNEO PADEL A BAÑA desenvolverase da seguinte maneira:

En cada categoría habrá un cadro principal e un cuadro de consolación.

III. Participantes. Poderán participar no I TORNEO PADEL A Baña xogadores maiores de 14 anos que formalizasen a súa inscrición nos prazos previstos.

A verificación dos requisitos indicados será efectuada polo Comité Organizador do torneo. Apreciado o incumprimento de calquera dos requisitos polo Comité de Organizador, leste poderá sancionar ao xogador ou parella infractora coa súa inhabilitación para acceder aos premios establecidos ou coa súa descualificación (con retirada inmediata) da competición

IV.- Categorias. Os torneos integrarán as seguintes categorías, debendo contar cada unha delas cun mínimo de 8 parellas rexistradas:

- Categoría 2º masculina
- Categoría 3º masculina
- Categoría 2º femenina
- Categoría 3º femenina
- Categoría 2º mixta
- Categoría 3º mixta
- Categoría iniciación masculina
- Categoría iniciación femenina

A Dirección Técnica do Torneo poderá subir de categoría a aquelas parellas que o soliciten ou que non entren na categoría adecuada segundo o seu nivel de xogo.

V.- Sistema de Competición. Os xogadores ou parellas participantes integraranse nun só cadro para cada categoría. Os cadros de competición estruturaránse por partidos ao mellor de tres sets, con tie-break a 7 puntos se é necesario (empate a 6 xogos) . Os xogos disputaranse con punto de ouro. A ausencia dun xogador ou dunha parella ou dun dos seus membros nun dos seus partidos supoñerá, calquera que fose a súa causa (incluída a lesión fortuíta), a súa eliminación directa, salvo na primeira rolda, na que o Comité de Competición poderá designar un substituto que, necesariamente, deberá cumprir os requisitos establecidos neste regulamento.

VI.- Comité de Competición. Designado polos organizadores, será compoñente como única instancia para liquidar calquera disputa que se suscite no I TORNEO PADEL A Baña , incluída a elección das normas da F.E.P. que consideren aplicables en cada caso.

VII.- Cambios. O comité de competición resérvase o dereito de modificar sen aviso previo/previo aviso, en parte ou na súa totalidade, calquera punto relacionado co torneo, categorías, regulamento, datas e campos

VIII Cuadro y horarios: O comité de competición facilitará o cadro e os horarios do torneo 24 horas antes do inicio do mesmo. Informar o comité de competición en caso de non poder xogar o partido na hora indicada para posibles modificacións.